

PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA DE MATEMÁTICAS 2º DE ESO

RECUPERACIÓN DA MATERIA ANTES DO MES DE MAIO

➤ Fichas de exercicios

O departamento **proporcionará ao alumnado** coa materia de Matemáticas pendente de superar **fichas de exercicios** que terán como obxectivo traballar os contidos conceptuais e procedimentais correspondentes á materia pendente, exercicios aos que tamén se poderá acceder dende a páxina web do centro e que serán **entregados ao profesor ou profesora do curso actual dentro do prazo indicado**. O profesorado estará á disposición dos seus alumnos e alumnas **para resolver as dúbidas** que poidan xurdir.

➤ Probas escritas

Estas probas escritas que se realizarán **incluirán todos os contidos da materia pendente e terán unha puntuación máxima de 8 puntos**.

- ✓ A **primeira proba (final)** realizarase na **semana do 18 ao 22 de xaneiro de 2021**.
- ✓ A **segunda proba (final)** escrita realizarase na **semana do 12 ao 16 de abril de 2021**.

➤ Obtención da nota

- ✓ **Fichas de exercicios**: ata un **máximo de 1 punto**.
- ✓ **Traballo e actitude no curso actual**: ata un **máximo de 1 punto**.
- ✓ **Proba escrita**: ata un **máximo de 8 puntos**.

Considerarase a **materia superada** sempre que se obteña unha **puntuación igual ou superior a 5**.

RECUPERACIÓN DA MATERIA NO MES DE MAIO

No caso de non superar a materia co sistema anterior, o alumno ou alumna deberá presentarse a unha **proba escrita final, oficial e ordinaria, que abranguerá todos os contidos da materia pendente e se realizará na semana do 3 ao 7 de maio de 2021**. A **puntuación máxima** desta proba será de **10 puntos e consideraráse superada a materia pendente se a nota da proba realizada é maior ou igual que 5**, tendo en conta os criterios que se aplican no redondeo.

RECUPERACIÓN DA MATERIA NO MES DE SETEMBRO

No caso de que a nota na proba realizada en maio sexa inferior a 5, o alumno ou alumna deberá presentarse a unha **proba escrita, oficial e extraordinaria, que abranguerá todos os contidos da materia pendente e se realizará na primeira semana do mes de setembro** nunha data determinada pola Xefatura de Estudos. A **puntuación máxima** desta proba será de **10 puntos e consideraráse superada a materia pendente se a nota da proba realizada é maior ou igual que 5**, tendo en conta os criterios que se aplican no redondeo.

CONTIDOS QUE INCLUIRÁN AS PROBAS ESCRITAS

Matemáticas 2º ESO

Números enteiros.

Proporcionalidade numérica.

Ecuacións de primeiro grado.

Números fraccionarios e decimais.

Expresións alxébricas.